



# VIVEIRO DA PALABRA 5





Ola a todos e todas, de novo as palabras do Viveiro voltan a xeremolar moi humildemente mais con moito cariño e satisfacción.

Os traballos presentados para a contribución deste novo número son de moito agradecemento pois sabemos que requiren o seu esforzo para telos ao día. Esperamos que aproveitedes os contidos e vos sexan de utilidade dado o carácter interactivo que pretende ter a revista.

Queremos dar as grazas as persoas da comunidade educativa que participaron no seu desenvolvemento e elaboración.

Para que no ano vindeiro poidamos ver outro novo traballo pedímosvos a vosa xenerosidade e que participedes coas vosas ideas nun novo proxecto.


**SORTE E SAÚDE**



# A AUGA NA GALIZA

MASCOTA QUE NOS ACOMPAÑOU DURANTE  
O CURSO 2010-2011 EN TODAS AS NOSAS  
ACTIVIDADES.

# PINGUÍÑA





# AUGA

AUGA DE CHUVIA  
AUGA DE ORBALLO  
AUGA DE SARAIBA  
AUGA DE MAR  
AUGA DE OCÉANO  
AUGA DE NEVE  
AUGA DE REGATO  
AUGA DE RÍO  
AUGA DA PÍA  
AUGA DE LAVADOIRO  
AUGA DA RÍA  
AUGA DA FONTE  
AUGA FRÍA  
AUGA MORNA  
ARCO DA VELLA  
AUGA DA POZA  
AUGA DA LAGOA  
AUGA DO MANANCIAL  
AUGA DA FERVENZA  
AUGA DE ENCORO  
AUGA DO REGUEIRO  
AUGA DO POZO  
AUGA DA BILLA  
AUGAS RESIDUAIS  
AUGA ENGARRAFADA  
AUGAS DURAS

AUGA A CHUZOS  
AUGA DE MAIO  
AUGAS MILAGREIRAS  
FLOR DE AUGA  
AUGAS MEDICINAIS  
AUGAS TERMAIS  
AUGAS LODAS  
AUGA DO BEBEDOIRO  
AUGA QUENTE  
AUGA POTABEL  
AUGAS SUBTERRÁNEA  
AUGA BENDECIDA  
AUGAS MAREIRAS  
AUGAS SANTAS  
AUGA LIMPA  
AUGA SUXA  
AUGA DOCE  
AUGA SALGADA  
AUGA DE REGAR  
AUGA DO IDOIRO  
AUGA DO XELO  
AUGA FERVIDA  
AUGA DA XEADA  
AUGAS INDUSTRIAIS  
AUGA OSIXENADA  
AUGAS FLEBES



# AUGAREFRANEIRO

## REFRÁNS EN GALEGO

TEMA: A AUGA

QUE CHOVA,  
QUE NEVE,  
QUEN TEN SEDE,  
AUGA BEBE.





EXCURSIÓN DE 4ª-ET  
FOMOS DE EXCURSIÓN A  
GANDARÍO.  
PASÁMOLO MOI BEN





# Certamiño Poético

Nome:.....Tomás - Alex..... Nivel:.....4 anos.....

Auga de maio  
que na terra cae  
molla os campos  
para que  
as flores medren

4 anos

Tomás



# Certamiño Poético

Nome:.....Alex e Carla..... Nivel:.....4 anos.....

Auga auguiña  
cae lentina  
e molla os campos  
cheos de prantas


Alex

4 anos





# CEIP RAQUEL CAMACHO



NIVEL 4º A.

Cal é o colmo dun libro?

Que no outano lle caian as follas.

Cal é o colmo das colmas?

Que un mudo lle diga a un xordo que un cego o está  
espiondo

• Quen chega antes a cima dunha montaña: Superman,  
Un home listo o unha muller?


A muller porque os outros dous son ficticios.

Era unha persoa tan pequena que sentouse nunha moeda e as  
pernas quedáronlle colgando

• Abrese o pano e apareceren 3 burros, un esaiaba dentro  
¿Como se chama a obra? Triluvuín

# NOME DAS MASCOTAS EN GALEGO

QUE NOME LLE PORÍAS A TÚA MASCOTA EN GALEGO



RAIINA




# AUGAREFRANEIRO

## REFRÁNS EN GALEGO

TEMA: A AUGA

Plin plin  
que chova  
que chova  
plin plin  
que chova  
a cachón  
plin plin  
que comeu  
paraugas  
plin plin  
non me hei  
de mollar non




Alex

Carla  
Elena  
4 anos



# CHISTE

Doctor, doctor doene aqui,  
Pois pãtase ai.







# NOME DAS MASCOTAS EN GALEGO

QUE NOME LLE PORÍAS A TÚA MASCOTA EN GALEGO

MASCOTA



NOME




Fatima

VIVEIRO DA PALABRA

Nº 5

Tinha a boca tão pequena, tão pequena,  
que para dizer tres tinha que dizer  
:un, un, un.





# AUGACANCIONEIRO

## CANCIÓNS EN GALEGO CON

### TEMA CENTRAL: A AUGA

**TÍTULO** Xa fun a Marín

Xa fun a Marín xa pasei o mar  
xa comin laranxas do teu laranxal

**TÍTULO** Canción Popular

Ai como chove! Ai como venta!  
Ai como se molta a tía Vicenta!  
Ai como chove! Ai como Franca!  
Ai como se molta tía Ramona!

**TÍTULO** Polo río abaixo.

Polo río abaixo vai unha tróita de pé  
Corre que te corre, quen a puidera coller.  
Quen a puidera coller, quen a poidera levar!  
Polo río abaixo vai unha tróita de pé.

**TÍTULO** Mira, Maruxiña

Que eu traio unha barracheira de viño  
que auga non beba.  
Mira, mira Maruxiña;  
mira, mira, como veño

# AUGACANCIONEIRO

CANCIÓNS EN GALEGO CON

TEMA CENTRAL: A AUGA

TÍTULO Amoriños

Amoriños collín

na beirina do mar

amoriños collín

non os podo olvidar.

Non os podo olvidar

non os podo olvidar

amoriños collín

na beirina do mar



Sabela Loraqueira Rodríguez




Como se chama o Chino mais alto de China?

Chin jin -

Como se chama o Chino mais porco de China?

Chin chan pi








• Saltamonte cae na teia da aranha.



• O saltin' pregalle que non o coma.




• O saltin' enxinalle a foto da sua familia.



• A aranha decide-lle ir despedir da sua familia.



• O saltin' volta xunto a aranha. Non.



• A aranha vai convidada a cear e foine vegetariana.

NOMEGA NIVEL 3º A - 3º A




# AUGAREFRANEIRO

## REFRÁNS EN GALEGO

TEMA: A AUGA

En abril augas mil.





Marzo ventoso,

e abril churioso,

fan a maio

florido e fermoso



Auga de maio,

pan para todo o ano




Auga pasada non move muño

Nenos e nenas de 1º B

Chiste .

Que lle dixo o espello á avoíña?  
Non te quero enganar!





# AUGACANCIONEIRO

CANCIÓNS EN GALEGO CON

TEMA CENTRAL: A AUGA

TÍTULO Amoriños

Amoriños collin

na beirriña do mar

amoriños collin


non os podo olvidar

Non os podo olvidar

non os podo olvidar

amoriños collin

na beirriña do mar



Adela Anxos Lemos



## O cabalo do demo

Había unha vez un demo que tiña un cabalo negro con manchas brancas. Chamábase Raio. O demo era moi malo co cabalo.

Un día, o demo foi correr con Raio, pero o cabalo escapou. Entrou nun bosque, onde atopou unha equa. Fixéronse amigos rapidamente. O cabalo díxolle á equa que o demo lle obrigaba a facer cousas malas, pero ela non lle creu. Aínda así seguiron escapando. Caminando polo bosque a equa tropezo cunha pedra e rompeu a pata a cola do demo.

! Era unha trampa! Así que correu rapidamente polo bosque ata que atopou un anxo.

- ¡Axúdame, por favor! Díxolle o cabalo ao anxo.

- Que é o que che pasa?

O cabalo díxolle ao anxo,

o que lle ocorrera co seu dono.



Como lle dixó, o anxo, oxudouna e  
mandou a demo ao inferno, onde xamais  
puido volver a danar a ningún.



Un chiste:


Un galego lle di a outro.

Oie mandolo parame o champú,

pero si no banta hai un, si home

pero este dice para pelo seco e eu xa o

teño mallado





## A MIÑA SAIDA PREFERIDA.

A miña excursión favorita foi a visita ao encoro de Cecebre. Alí podemos observar moitos animais e atoparnos patas de cangrexo nas augas do encoro.

Xa na planta potabilizadora de "A Telva" explicáronnos os variados procesos polos que ten que pasar a auga que vén do encoro de Cecebre ata chegar as nosas casas.

Pareceume unha visita divertida e interesante!

Gabriel

5ºB

# A FOLLA MÁXICA



Andrés Veiras - 3º B

02 / 06 / 11



## **A FOLLA MÁXICA**

Un día, una nena que estaba paseando polo bosque atopouse cunha folla con moitas cores e como o seu pai coleccionaba follas levoulla. Polo camino deuse conta de que a folla brillaba demasiado e non podía ser que nun día tan chuvioso isto fose posible, polo que deduciu que se trataba dunha folla máxica, entón decidiu quedarse con ela sen dicirlle nada a ninguén e agachouna na súa habitación. Cando se fixo de noite a folla empezou cobrar vida e díxolle á nena que podía pedirle tres desexos, entón a nena dixo:

O meu primeiro desexo é que meu pai teña un bo regalo de cumpreanos, o meu segundo desexo é que o bosque non volte arder nunca mais e o terceiro desexo é que sexas a miña amiga para sempre e desta forma a folla e a nena a partir dese día foron inseparables.

# LAND ART


Primeiro baixamos a aula de inglês e vimos unhas fotos do programa LAND ART. Despois subimos a nosa aula collimos o papel de film por parellas e intentamos rompelo e vimos que era moi resistente. Despois por parellas envolvimos as rodillas dereitas dos compañeiros. Logo envolvimos as nosas sillas e catro alumnos envolvimos as nosas mesas cos libros, libretas, caligrafías, e carpetas. E por ultimo dous alumnos colleron dous pratos de plástico un mixolle papel dunha revista e outro o papel de film e o papel de film non deixou pasar a auga e a revista si. Temos que usar ben o papel sen malgastalo.

Diego García 2ºB




Sara

- Papá, ¿papá os peidos vesan?
- Non gilla
- Pois entón cagame



**OS INSTRUMENTOS MUSICAIS VAN À PRAIA**





## ● XARDÍN DO COLEXIO

Os alumnos e alumnas de terceiro curso e doutros que non nos lembramos este ano colaboramos na posta a punto do noso xardín pintando as paredes do muro coas cores do arco da vella.

Foi moi interesante e divertido pois con pinceis e rodillos distribuímonos en grupos e cada un foi pintando un trozo de muro cunha cor do arco da vella.

O resultado foi espectacular e quedou moi bonito.

Cando o visitedes parádevos a observar as cores.

PENSADE UN POUCO

DEBUXADE UN ARCO DA VELLA E POÑÉLLEDE O NOME A CADA COR.

TERCEIRO A-B

# AUGACANCIONEIRO

CANCIÓNS EN GALEGO CON

TEMA CENTRAL: A AUGA

TÍTULO CATRO VELLOS MARINEIRO

CATRO VELLOS MARINEIROS,  
TODOS METIDOS NUN BOTE.  
BOGA, BOGA, MARINEIRO,  
IMOS PRA VIVEIRO  
XA SE VE SAN ROQUE.

AILALELO...

OS MARINEIROS TRABALLAN  
DE NOITE COA LUZ DA LÚA.  
DA GUSTO VELOS CHEGARE  
POLA MAÑA' CEDO  
CHEIRANDO A FRESCURA.

AILALELO...

LEVO SARDIÑA E BOCARTE, CTRAIO SARDIÑA E BOCARTE  
VENDO XURELO PEQUENO, CTA MEN XURELO PEQUENO)  
RAPACIÑA DE VIVEIRO  
VEN BUSCAR O LOTE  
DO TEU MARINEIRO

AILA L E L O



Dálles aos teus alumnos

# 7 RAZÓNS PARA LER O XORNAL NA CLASE

Semana da Prensa na Escola - a partir do 7 de marzo

1. Lendo o xornal aprenderás a escribir e expresarte mellor.
2. Estarás informado do que acontece ao teu redor e poderás opinar sobre distintos temas.
3. Poderás reflexionar sobre a actualidade, ser máis crítico e que non che den gato por lebre.
4. Saberás de que falan os maiores, poderás discutir con eles sobre temas importantes e, mesmo, ¡¡¡levarlles a contraria!!!
5. O xornal será o teu mellor libro de texto: distinto cada día.
6. Converterase na túa novela de aventuras favorita e irá contigo toda a vida.
7. E saberás que poñen no cinema, na tele, que se leva esta tempada, como vai a Liga...  
E moitas máis cousas que de seguro che interesarán.



## A AUGA EN POESÍA POR 5ºA

### *Golfiño*

Ti que saltas no mar  
e sabes cantara o saltar.  
Ti que vas cara ao Norte  
sempre quedas nunha corte.

Sempre que saltas fas "volteretas"  
e por veces parece que tes aletas.  
E ti cos teus amigos xogas feliz,  
e se xogas á mariola, faino cun xiz.

*Sonia Priggione*

### *E bo que siga así?*

A auga doce está triste,  
verten nela as porcalladas.  
Pobre auga, como cheira!  
Miña nai, danme arcadas!

A auga salgada está furiosa,  
Ruxen tempestades  
Contra as persoas  
que fan maldades.

*Roque J. Touceda*



## A AUGA EN POESÍA POR 5ºA

Chove, chove,  
aburrirse xa non o resolve.  
Vou saír a fóra  
a disfrutar o que a natureza elabora.

Deixar atrás a tristeza,  
a delicia está na natureza;  
mais tes beleza, nai natureza.

*Jael Pallone*

Auga riquiña,  
ti es beliña,  
vas polo mar,  
traendo o cantar.

Alimentas as flores,  
enchéndoas de cores,  
xogas nas fontes  
e ris coma onte.

*Emiliano Rodríguez*

A auga vai polo río,  
a auga vai polo mar,  
cando eu a miro  
paréceme de cristal.

As gotiñas de auga  
que pola montaña choran,  
as gotiñas de papel  
que marchan e non voltan.

*Laura Ponte*

LETRAS

GALEGAS

LOIS

PEREIRO

Acróstico

Lindo

Pero

Oso

Espera un

Inteligente

Rato,

Servicial

Estrañado,

Inquedo.

Ruxe na

Oseira.



# LETRAS GALEGAS



LOIS!

## LOIS PEREIRO

ÁRBORE PLANTADA NO RECUNCHO DOS ESCRITORES

DEDICADA AO HOMENAXEADO NESTE ANO




● TEIXO ●


#### 4.- LOIS PEREIRO EN SEIS VIÑETAS

Completa esta banda deseñada con seis momentos da biografía de Lois Pereiro.


### LOIS PEREIRO



Naceu en 1958 pasando a súa infancia e adolescencia en Monforte.




Aos 17 anos marchou a Madrid a estudar na universidade.




Máis tarde, tamén en Madrid, comezou os estudos de idiomas.



Colaborou en dúas revistas: «Loia» e «Luzes de Galiza».



Escribiu tres libros de poemas e deixou inacabada unha novela.



Enfermou por unha intoxicación alimentaria, morrendo en 1996.



### 3.- QUE SABES DE LOIS PEREIRO? \_\_\_\_\_

Completa este cuestionario sobre Lois Pereiro.

\*Onde naceu? En Monforte de Lemos

\*Cando? O 16 de febreiro de 1958

\*Que estudos realizou en Madrid?

Socioloxía e idiomas

\*En que revista participou cando estivo estudando en Madrid?

Na revista Loia

\*Como se chamaba a revista coa que colaborou en Galicia?

duces de Galicia

\*Que tres libros de poesías escribiu?


Poemas

Poesía última de amor e enfermidade

Poemas para unha loia

Completa a ficha do libro e colorea a portada.

<input type="radio"/>	TÍTULO
	<u>POEMAS</u>
	AUTOR
	<u>LOIS PEREIRO</u>
<input type="radio"/>	EDITORIAL
	<u>EDICIONES POSITIVAS</u>



# A POESÍA DA SÚA VIDA

## LOIS PEREIRO

Nacín o 16 de febreiro

e chámome Lois Pereiro,

son de Monforte de Lemos

terra que todos queremos.

En 1975 marchei a Madrid

a estudar Socioloxía,

pero voltei a Monforte

a traballar na cristalería.

Voltei a Madrid ao ano seguinte

e coñecín moita xente,

moitos idiomas aprendín

e poliglota me volvín.

En 1981 intoxiqueime



con aceite de colza,  
pero recupereime  
Publiquei o meu 1º libro en 1992  
``Poemas``, á xente encantoulle .  
(non o leron unha vez se non dúas)  
O meu 2º libro en solitario  
chámase ``Poesía última  
de amor e enfermidade``.  
A enfermidade atacoume  
e morrín despois duns anos  
O 17 de maio de 2011  
a Real Academia Galega  
dedícame o seu día  
en recoñecemento  
de toda a obra miña.

**Carlota Lema Arranz, 6º A**

## A MIÑASA ÍDA PREFERIDA

Un Día pola mañá Jan á Cruz Vermella, cos meus compañeiros e a miña profesora. A Cruz Vermella está na Praza de Marte, cando chegamos os monitores recibíronnos e puxéronnos un vídeo da historia da Cruz Vermella.

Mais tarde vimos a ambulancia, explicáronnos o funcionamento dos aparellos da ambulancia, e a súa utilidade para salvar vidas. Fixemos varios xogos cos monitores. Despois fomos a un departamento no Cal Uixán e manteñen localizados aos anciáns que viven sós. A continuación nos despertamos ao centro de día e vimos como se entreteñen as persoas maiores, coidados por enfermeiras da Cruz Vermella. Lémbrame do señor Manolo que sabía moito de matemáticas.

Foi unha visita moi interesante!

Charly 5ºB



# **A MIÑA SAÍDA PREFERIDA.**

## **A CRUZ VERMELLA.**

**Un día, pola mañá, fun á Cruz Vermella, cos meus compañeiros e a miña profesora. A Cruz Vermella está na rúa Curros Enríquez. Cando chegamos os monitores recibíronnos e puxéronnos un vídeo da Historia da Cruz Vermella.**

**Máis tarde, vimos a ambulancia, explicáronnos o funcionamento dos seus aparellos, e a súa utilidade para salvar vidas. Fixemos varios xogos cos monitores.**

**Despois fomos a un departamento no cal vixían e manteñen localizados aos anciáns que viven sós.**

**A continuación leváronnos a un centro de día e vimos como se entreteñen as persoas maiores coidadas por enfermeir@s da Cruz Vermella. Lémbrome do señor Manolo que sabía moito de matemáticas.**

**Foi unha visita moi interesantell**

*Carlos - 5º B*

## **ENCORO DE CECEBRE.**

**A miña excursión favorita foi a visita ao encoro de Cecebre. Alí poidemos observar moitos animais e atopamos patas de cangarexo nas augas do encoro.**

**Xa na planta potabilizadora de "A Telva" explicáronnos os variados procesos polos que ten que pasar a auga que vén do encoro de Cecebre ata chegar ás nosas casas.**

**Pareceume unha visita divertida e interesantel**

*Gabriel - 5º B.*

## O mar

O peixeiro  
que estaba no porto  
veu un golfinho  
cando pescaba ao fondo.

Non perdeu nada  
veu un barco  
perrou volver máñá  
pero caíu nun charco.

Diego Dora (5<sup>a</sup>A)

## A nube

A nube chora sen parar,  
pois xa non pode aturar,  
as súas amigas deixárona  
e marcharon a outro lugar.

Arrepentíronse  
e as nubes perdón pedíronlle.

Felices xogaban,  
pois a Leticia xa a atoparan.

Luana de Oliveira  
(5<sup>a</sup>A)



## A auga

As nubes choran a ríos  
e os ríos chegan ata os mares.

Está fría nos polos,  
é a auga, xa o sabes.

Nela hai estrelas e corais  
e sereas ondando no mar  
haber, hai moitas cousas máis  
coma algún que outro augamar.

Patricia Meléndez (5º A)

## A auga e Sabela

A auga esta chorando bágoas de pedra,  
pois perdeu á súa amiga Sabela.

A auga rixa o dente,  
pois vai busciándoa doente.

Con furia azoueta a praia,  
ata que a dea atopado.

A auga busca á súa amiga,  
que non sabe onde estará metida.

Cristina Agra (5º A)

## **A PAZ**

A paz é amor e non odio.

A paz é vida e non morte.

E o mundo cada vez

Está máis triste

E as guerras desátanse en todo o mundo

E se ti non queres guerras e mortes no teu país

Non cometas o mesmo erro que outros cometen.

Se queres cambiar o mundo

Pide amor e non odio,

Pide a vida e non a morte.

## **AMOR SI, ODIO NON**

Amor si, odio non,

Tolerancia si, non discriminación,

Non creas no engaño e si na confianza,

Alegría e non tristeza.

Dialogar e non maltratar,

Liberdade para todos e non escravitude,

Solidariedade e non egoísmo,

Igualdade e non racismo.



# O MITO DE CHUMISQUIMÉ

Chuvisquimé era unha rapaza que tiña unha familia de millóns de fillos e fillas, tan pobre que apenas tiñan auga para beber.

Entón un día chuvisquimé díxolle a Neptuno (Deus grego da auga) :

\_ Oh! Neptuno, deus dos ríos , mares, fontes e mananciais.

\_ Que queres, ser mortal?\_ Contestoulle Neptuno.

\_ A min trátasme con respecto.

\_ Por falar-me desa maneira voute castigar a ti e á túa familia, converténdovos no que menos tedes, en auga!\_ Sentenciou o deus.

Entón desde aquel día Chuvisquimé e a súa familia transformáronse en auga que ía ao río, despois ao mar...

Así foi como naceu o ciclo da auga.

# TODOS UNIDOS --- TODOS UNIDOS

Non deas a razón

Aos que queren a guerra,

Apoia á paz,

Solidarízate con ela.

Non queremos mortes,

Non queremos dor,

Queremos moita Paz

E tamén amor.

Colabora cos teus amigos,

Loita para conseguir a Paz,

Se traballamos todos unidos,

De seguro ímolo lograr.



# OS PROBLEMAS DO RÍO

Un día, hai xa tempo, unha nena foi pasear polo campo e atopouse cun río, e tentou de buscar unha ponte, pero escoitou unha voz :

\_ Aquí abaixo!

A nena deu un chimpo e preguntoulle:

\_ Como é que estás falando se es un río?

\_ É que eu son un río máxico, pero teño moitos problemas

\_ e que problemas son eses \_ volveulle preguntar a nena.

O río contestoulle:

\_ Un dos meus problemas é que todos os anos paso polo mesmo proceso, estou tranquilo e comeza a facer calor e evapórome, logo arrefríome e caio dunha nube e ata me conxelo e non me podo mover. Que podo facer \_ Pois só tes que esperar a que quente o Sol \_ contestoulle anena.

\_ Vale, intentarei facelo \_ asentiu o río.

\_ E cal é o segundo problema? \_ preguntoulle a nena outra vez.

\_ Pois verás, alí adiante hai unha presa feita por castores, que non me deixa marchar de aquí \_ respondeulle apenado o río.

\_ Oh, pobre. Vou falar con eles \_ consolouno a nena.

Cando chegou, os castores preguntáronlle: Que fas aquí?

Veño para preguntaros se podedes abrir a presa \_ pregoulle a nena.

\_ Nós non temos poder para facer iso, tes que pedirlo ao xefe.

A nena dixo decidida:

\_ Pois vou falar con el, onde está?

\_ Vive nesa casinha no medio do prado \_ sinaláronlle os castores.

Cando chegou atopouse cunha londra á que lle pediu:

\_ Ola!, por favor, podes abrir a presa?

\_ Que fas aquí, ti pensas que vou estar abrindo e cerrando a presa todo o día \_ berrou a londra enfadada. Pero a nena explicoulle:

\_ Só cho pido unha vez , só unha.

\_ Si, si, si, ti pídesho unha vez, logo virá outra persoa, e outra, e outra... \_ contestoulle a londra.

\_ Ademais poderías buscar outro traballo \_ razoou a nena.

\_ Muller, si... vale, abreina, e que disfrutes moito. \_ aceptou a londra.

\_ Si, si! \_ contestou a nena.

A londra abriu a presa e o río saíu correndo: Adeus río, pásao ben!

Desde entón o río divírtese máis, correndo sempre sen parar ata chegar ao mar

## **O DIÁLOGO COMO ARMA**

A arma da paz é o diálogo

E non os insultos,

Nin os enganos.

Se queres paz

xoga co perdón.

Se queres crear paz tes que  
por:

Un chorro de amizade,

Unha cunca de solidariedade  
e una pinga de ti.



## A HISTORIA DE ROCÍO ... UNHA GOTIÑA DE AUGA

Amañecía no xardín, Rocío encontrábase moi aburrída, suspendida dunha folla nunha árbore. Levaba un bo anaco mirando cara ao chan.

\_ Hai que ver que húmida estou, como me colla o frío...! \_ É que a Rocío non lle gusta nada o frío porque queda moi rixida.

De súpeto viu como os primeiros raios do Sol quentaban o chan. A decisión estaba tomada, saltárase da folla e caería ao chan para non ter máis frío.

\_ Alá vou...!!! \_ berrou Rocío mentres se despedía das súas irmás, que quedaban nas follas. A travesía foi moi agradable e a aterraxe celebrada por outras que viñan das pozas e da fonte do xardín.

\_ Es moi valente!

A gotiña sorría e dicía:

\_ Non é para tanto, vós fariades o mesmo.

Cando levaba un anaquiño coas súas amigas e xa non notaba frío, sentiu a necesidade imperiosa de subir. Acompañárona algunhas amigas e comezaron a subir e subir...pensou nalgún momento que nunca deixaría de subir, pero non foi así.

Encontráronse con millóns e millóns de gotiñas que viñan formando unha enorme nube.

\_ Ola, rapazas! Onde ides todas xuntiñas?

\_ Imos cara ao mar do Norte empuxadas por un anticiclón procedente das Azores. Nos próximos días non están previstas precipitacións.

\_ Podo ir con vós?

\_ Non che queda outra, o anticiclón é moi forte.

Viaxaron xuntas atravesando cordilleiras, bosques e pronto deixaron a Terra atrás e introducíronse no mar.

\_ Que será iso? \_ Preguntou Rocío asustada.

\_ É unha enorme borrasca procedente do Norte de Europa!

\_ Imos chocar con ela?

\_ Non sabes a que se vai lear! \_ Efectivamente cando a borrasquiña na que viaxaba Rocío chocou coa enorme borrasca do Norte parecía que ía ser a fin do mundo.

Houbo vento, lóstregos e a temperatura baixou de golpe.

\_ Que che pasa, tes mala cara? \_ Preguntoulle Rocío a unha das súas compañeiras.

\_ Non sei, síntome moi pesada.

\_ Tes razón, eu tamén estou mareada, creo que me vou precipitar!

As nubes descargaron as gotiñas que caeron ao mar do Norte.

Ao principio sentiu frío, pero unha vez que se acostumou parecíalle unha temperatura ideal; o mar tiña unhas enormes ondas e animais cos que podían xogar. Os millóns de gotiñas que había no mar déronlle a benvida ás gotas da borrasca.

Rocío contenta exclamou:

\_ Eu quero ser coma vós!! Que salgadas sodes!

## **FRONTE Á GUERRA A XUSTIZA**

A paz é moi importante

Para obter a felicidade.

Fronte á guerra a xustiza

E fronte á tristeza a alegría.

Se non queremos máis rancor

Necesitamos un pouquiño de amor.

A paz é un desexo

Axudemos todos

Para que se poida cumprir.



# A AVENTUREIRA GOTA XE

Érase unha vez Xe, unha gotiña de auga que ía descubrindo o mundo: descubriu todos os mares, foi pola atmosfera e, cada vez, caía nun país distinto.

Un día, pasou algo raro: a gotiña caeu nun lugar diferente. Caeu nun encoro. Alí coñeceu a novos amigos e atopou outras antigas. Unha gota, a máis grande de todas, dixo en voz alta:

— Todas vostedes van ser utilizadas para que a xente poida beber. Pasarán por tres fases, despois botarémolles cloro e, por último, serán embotelladas.

Todas as gotiñas estaban asustadas agás Xe.

Xe estaba contenta e emocionada, xa que nunca estivera nun encoro, e pensaba que xa o coñecía todo. Ao pasar pola primeira fase os paus, as botellas e as cousas grandes, quedaron atrás.

Na segunda fase, as follas e as cousas de tamaño un pouco máis pequeno tamén foron quedando.

E na terceira fase, Xe estaba a xogar á pita cega e non puido ver o que pasaba, pero decatouse que todas estaban máis limpas.

Unha vez rematadas as tres fases, tocoulles a cada mil millóns de gotiñas mesturarse cunha gotiña de cloro. Saíron a unha especie de piscina para ser embotelladas. Ao ser embotelladas volveron a xogar á pita cega para non marearse.

Cando parou o coche que as transportaba, sacaron as botellas e metéronas no centro comercial.

Pasaron os días e Xe seguía alí, no andel. Ata que un neno sedento colleu a botella e bebeuna enteira, agás unha gota: Xe.

O neno levou a botella para a súa casa e segue a reenchela, pero Xe segue sen deixarse beber por el.

## Abrazade a paz

A paz é tranquilidade,

A guerra, tortura;

A paz é felicidade,

A guerra, tristura.

Xa podes ver

Como son distintas as dúas palabras.

Xa podes ver

Como cunha odias e coa outra abrazas.

Se abrazas á paz,

A paz abrazarate.

Se abrazas á guerra,

A guerra matarate.



## CRÍTICA DE CINE

### ENREDADOS

Que podo dicir desta película... encantoume! Tanto os personaxes como o guión.

A película é alegre, aínda que con algunhas cousas tristes; aventureira, pero un pouco malvada, graciosa...

Ao principio Flynn era malo e ao final acabou namorado de Rapunzel; a pesar de que os pais desta (os reis do país) se opoñían porque lles roubara a coroa de Rapunzel.

Gustaríame que ela seguirá tendo o seu cabelo máxico, longo e loiro. Pero de todos modos encantoume.

Carlota Lema Arranz, 6ºA

### VAIA VACACIÓNS!

A película é unha comedia familiar. O director fixo un bo traballo cos seus actores e actrices principais, porque estiveron fantásticos!

A parte máis divertida é cando o pai se pon a rapear co seu fillo. A mensaxe que quere transmitir é que o primeiro é a familia e o segundo, o traballo. Pareceume unha película moi divertida. Recomendolla a todas as familias que se queiran divertir.

Sabela García Blanco, 6º A

## **HAI QUE APRENDER A DIALOGAR...**

Todos os días na televisión,  
Vexo de todo menos amor.  
Nos informativos só saben dar,  
Malas noticias sen cesar.  
O mundo non pode ser tan cruel,  
Pónseme de galiña a pel.  
Agora mesmo hai egoísmo,  
E en todo mundo racismo.  
Iso non pode ser así,  
Ten que empezar a cambiar.  
Nas noticias teñen que dar,  
Boas novas sen parar:  
Non hai discriminación,  
Comeza o diálogo entre nación.  
Comeza o diálogo .  
E con el a amizade,  
Todo o mundo terá liberdade,  
Por fin haberá igualdade!

**Noelia Santos Lage, 6º A**



## Kamaria

Kamaria era unha nena que vivía nun pobo de África. O seu nome significa "fermosa coma a Lúa".


Kamaria pertencía a una tribu nómada moi pobre. Un día quixo percorre-lo mundo coa súa burra chamada Area, pois tiña a mesma cor que as areas do deserto, e procurar un lugar no mundo onde non existira a pobreza.

Kamaria, coa súa burra Area, percorréu pobos, cidades e países, e non atopou ningún lugar onde non houbera nin un só pobre.

Kamaria quería o mellor para o seu pobo, pero por mais que buscou polo mundo enteiro non atopou ese lugar, e decidiu volver ao seu pobo.

E alí atopou o tesouro mais grande, para ela valía máis que todo o ouro do mundo, alí estaba toda a súa familia, os seus amigos, e ata un novo irmanciño chamado Utiko. Alí Kamaria deuse conta de que non era tan pobre.





### VISITA AO MUSEO DE BELAS ARTES

O 16 de decembro os nenos e nenas do 3º ciclo realizamos unha visita ao Museo de Belas Artes.

Aprendemos : a) Para que serve un museo .

b) Condicións necesarias para a conservación dun cadro.

- a) Nun museo podemos coñecer a historia, pois un cadro dános información sobre como vivía a xente doutras épocas, como vestían, que obxectos utilizaban... Así, vimos os instrumentos que utilizaba para escribir a escritora coruñesa Emilia Pardo Bazán. Tamén nos chamou a atención unha escultura de Francisco Asorey, feita no tronco dunha árbore. Tamén nos informaron de como se crearon os museos.
- b) Un museo ten que ter unhas condicións axeitadas de temperatura e humidade para a conservación dos cadros; tampouco poden estar iluminados directamente porque a luz iría comendo as cores. Dispón de cámaras de vixilancia como medidas de seguridade.

Ao final o máis divertido, imaxinamos o noso propio museo con esculturas, cadros, iluminación, cámaras de vixilancia...

Resumindo, aprendemos moitas cousas e divertímonos.

**Alumnos de 6ºA**



